Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Pedras

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Ciriguilloto do Demo

Os penedos do Ciriguilloto do Demo están en Bolmente, concello de Sober (Lugo). Teñen a orixe na promesa que lle fixo unha muller ao demo cando lle dixo:

-Se esta noite me fas unha ponte para pasar ao outro lado do río, douche o meu fillo.

E o demo púxose á construcción da ponte pero cando saíu o sol só tiña rematado un pear, o que agora chaman por alí Ciriguilloto.

Aínda hai máis. O demo caeu do pear e foi bater nunha laxe onde aínga agora se ven as pegadas da súa cabeza, dos cóbados e dos xeonllos.

BIBLIOGRAFÍA

Fonte:

Grupo O TRÍCOLE, Documento inédito sobre as lendas de Sober.